



## CONCELLO DE PONTECESURES (PONTEVEDRA)

### ACTA DE VALORACION DOS ASPIRANTES OS 2 POSTOS DE PEON DE XARDIÑERÍA DO CONCELLO DE PONTECESURES

En Pontecesures, a vinte e seis de febreiro de 2016, reunido na Casa do Concello de Pontecesures o órgano de selección para 2 postos de peón de xardiñería do Concello de Pontecesures, formado polo Administrativo do Concello D. Ricardo Campos Saborido que actuará de Presidente, polo Encargado de Obras do Concello, D. Xurxo Gerpe Jamardo, que actuará de vogal; e polo Técnico de Emprego D. José Rodríguez Fructuoso, que actuará de vogal e secretario.

Este tribunal acorda o seguinte:

Estableceuse primeiramente unha ficha de datos persoais que cada un/unha dos/das aspirantes ten que cumprimentar, así como posteriormente a elaboración dun baremo baseado na situación persoal dos candidatos/as.

Iniciado o acto procédese a realizar as correspondentes entrevistas entre todas aquelas persoas candidatas que, de conformidade coa oferta remitida pola oficina de emprego de Vilagarcía de Arousa, se presentaron: M<sup>a</sup> Luz Campos Taibo; M<sup>a</sup> Carmen Castiñeiras González; M<sup>a</sup> Elisa García Dopazo; María García Fontenla; Margarita García Castro; Susana Lagoa Jamardo; M<sup>a</sup> Dolores Moreiras Angueira; e Rosa M<sup>a</sup> Rey Castiñeiras.

Renunciou á entrevista por motivos persoais Susana Lagoa Jamardo.

Seguidamente as sete persoas aspirantes cubriron a ficha de datos persoais, para a continuación proceder á realización dunha entrevista persoal con cada un deles. Concluída a entrevista e realizado o baremo, a puntuación obtida polos/as aspirantes foi a seguinte:

M<sup>a</sup> Elisa García Dopazo..... 6.25 "

O tribunal decidiu que os outros seis aspirantes non reúnen as condicións para desempeñar o posto de traballo, polo que a candidata anteriormente citada resulta proposta para ocupar o posto de peón de xardiñería; solicitando á oficina de emprego de Vilagarcía de Arousa o envío de novos aspirantes para completar praza de peóns de xardiñería nos vindeiros días.

No caso de renuncia dalgún dos anteriores candidatos propostos, as vacantes cubriranse pola orden de puntuación que figura nesta acta.

De todo o cal esténdese a presente acta que en mostra da súa conformidade asinan os membros do tribunal.

Asdo.-Ricardo Campos Saborido.

Asdo.- Xurxo Gerpe Jamardo.

Asdo.- José Rodríguez Fructuoso.